

Montse Pena caracteriza como un “*western* lazarllesco e quixotesco” (pp. 44-45) que deixa entrever esa pretensión por parte do autor de realizar un teatro realista co que os galegos se puidesen identificar. O Teatro do Aquí obtivo grande éxito coa representación das obras de Vidal Bolaño da liña do “neorrealismo e pegada social aguda” como *Doentes*, *Mar Revolto* ou *Rastros*.

“Un nariz e máis un chapeu” é a síntese perfecta de todo o exposto anteriormente. Neste capítulo, a autora compendia toda a nómina de Roberto Vidal Bolaño e explica que estas obras “responden a dúas liñas ben marcadas”, a “dúas vertentes que non se contradín, senón que se complementan” (pp. 53-54). Montse Pena suxire tomar un calidoscopio para comprender a complexidade da obra de Vidal Bolaño. Eses fragmentos de vidro do calidoscopio correspóndense, segundo a autora, coas grandes claves da súa dramática, que enuncia de forma destacada. Finalmente, tras tocar todas as teclas dunha melodía que nace aló polos 50, Montse Pena afirma que “para coñecer en profundidade a obra de Roberto Vidal Bolaño, o mellor que se pode facer é deixar o calidoscopio e coller un texto seu ou asistir á representación dunha das súas pezas” (p. 62).

“Despois” supón os derradeiros folgos dunha obra que morre e un autor que perece. Vidal Bolaño fina en 2002 a causa dun cancro de pulmón. Tras o seu enterro, Montse Pena facendo gala dunha sensibilidade maxestosa, explica que “sobre o seu ataúde descansaban un chapeu negro e un nariz de pallaso que indicaban que alí estaba o cómico. E despois (...) a súa obra, a que aínda nos fai sentir o calafrío” (p. 64).

“O que ficou: a obra dramática de Roberto Vidal Bolaño” é un compendio das obras de Vidal Bolaño dende os comezos do seu percorrido pola dramaturxia galega ata a fin dos seus días.

A autora fundaméntase nunha extensa bibliografía para a creación deste ensaio, que se contrapón coa tímida extensión do mesmo. Ademais do percorrido pola figura de Roberto Vidal Bolaño, Montse Pena documéntase de todos os elementos que compoñen a atmosfera en torno a que xiraba o compostelán, xa sexan os abundantes colectivos ós que pertenceu, coma as figuras que participaron na súa andaina teatral. Por todo

o exposto con anterioridade consideramos que, tanto o texto de Montse Pena como o documental feito por Gonzalo Enríquez Veloso, supoñen a revisión definitiva da vida e da nómina dramática de Roberto Vidal Bolaño, xa que esta obra está asentada en base a eses dous eidos ós que faciamos referencia ó comezo: o audiovisual e o literario. Ademais de destacar a absoluta sensibilidade no tratamento dos temas e o dominio que agroman destes textos, queremos darlle os parabéns ós autores por contribuíren con esta obra a que a presenza de Vidal Bolaño permanece no imaxinario colectivo galego, ao modo de Álvaro Cunqueiro, “mil primaveras máis”.

Laura PIÑEIRO PAIS

PÉREZ RODRÍGUEZ, LUIS (2011): *O pórtico poético dos Seis Poemas Galegos de F. García Lorca*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 406 pp.

Estamos ante un volume que recolle un importante e moi detallado traballo de investigación dos poemas galegos de Lorca, ademais dunha análise minuciosa do que rodeou ao poeta na súa entrada no mundo da lingua e cultura galega. Luis Pérez Rodríguez, licenciado en Filosofía e Letras, Filoloxía Románica e Dereito, gran especialista na obra de Blanco-Amor, é o autor deste magnífico volume, que xa foi publicado por vez primeira no ano 1995. O exemplar que temos hoxe entre as mans é a terceira edición, reimpresión da segunda de 1998, que xa fora corrixida e aumentada.

Tras a “Nota á Terceira Edición”, transcríbese o “Prólogo”, escrito por Carlos Martínez-Barbeito na Coruña en 1996. Neste relátase como o autor deste volume apareceu na casa de Martínez-Barbeito para falar con el da súa relación con Lorca e para poder ter acceso a libros firmados polo poeta granadino e a cartas intercambiadas entre eles e outros amigos e intelectuais. Algúns destes pequenos tesouros de Martínez-Barbeito, xa non só as súas palabras, van ser reproducidos na obra.

“Queremos insistir na lembranza dos *Seis Poemas Galegos*, intenso pórtico poético, románico e moderno, para a nosa poesía e lembrar, brevemente, aquela Galicia que el transitou nas

súas viaxes, rodeado de amigos galegos” (p. 19). O libro está dividido en XI capítulos, sendo o primeiro “Federico García Lorca e Galicia”, no que o autor narra como Lorca se achegou á cultura galega a través das catro viaxes que realizou a Galicia. É unha narración detallista e fluída na que non só se nos proporcionan datos biográficos, senón que hai unha perfecta unión entre os mesmos e as anécdotas, moitas delas fornecidas por Martínez-Barbeito. Pérez Rodríguez introduce o lector de forma maxistral na vida de Lorca e móstranos como esas experiencias vividas en Galicia fixeron que Lorca escribise os seus poemas galegos. As transcricións de cartas intercambiadas entre diferentes personalidades da época, tales como Concha Méndez, Manuel Altolaguirre, Ánxel Casal ou Eduardo Blanco-Amor, fan desta obra un documento único.

O segundo capítulo, denominado “Federico, Ernesto e Eduardo: tres nomes para os *Seis Poemas Galegos*”, está dividido en tres apartados: “Pérez Güerra e García Lorca”, “Guerra da Cal e Blanco-Amor” e “Eduardo Blanco-Amor e Federico García Lorca”. Cóntanse as interaccións biográficas destes escritores e intelectuais, en moitas ocasións exemplificadas con transcricións de cartas que se enviaron entre eles. Destaca con iso o autor, Pérez Rodríguez, a profunda amizade que tiña Lorca cos seus amigos galegos, Güerra e Blanco-Amor.

No terceiro capítulo, chamado “Os *Seis Poemas Galegos*”, xa entramos na análise dos poemas. Pérez Rodríguez presenta dúas edicións dos mesmos, por unha banda os publicados na Editorial Nós de Ánxel Casal en Santiago de Compostela en 1935 e pola outra os “orixinais”, referíndose así aos autógrafos e apógrafos conservados na Biblioteca Blanco-Amor, encontrados por Xexús Alonso Montero na casa de Francisco Lamas (p. 141). É unha edición moi traballada na que se comentan todos os pequenos detalles que se encontran nas dúas edicións, xa mencionadas, e compáranse as diferenzas entre elas. Pérez Rodríguez tamén transcribe o prólogo de Blanco-Amor aos *Seis Poemas Galegos*, escrito para a primeira edición na Editorial Nós, no que se conta como lle deu Lorca os poemas para que os ordenara e prologara. Blanco-Amor deixa claro que o autor dos poemas é Federico

e reduce a súa intervención neles. Pérez Rodríguez fai, ademais, un estudo minucioso de como foi o proceso da primeira publicación dos poemas, da tese blancoamoriana dos mesmos e do cando e o por que nacen estes. “Blanco-Amor (...) atopou a Federico moi interesado pola literatura galega. Sentía por ela unha especie de fascinación literaria. Como se descubriuse, de súpeto, unha zona impoluta e se sentise atrapado por unha especie de brincadeira lingüística” (p. 160). Existen diversos factores que fixeron que o poeta granadino escribise os poemas en galego, como son o coñecemento e admiración que Lorca sentía por Galicia e a amizade que tivo con algúns dos escritores galegos máis importantes desta xeración como Cunqueiro, Dieste, os irmáns Seoane ou Castelao; aínda que os que máis destacaron foron Blanco-Amor e Pérez Güerra. O terceiro factor sería a tradición literaria galega.

“Eduardo Blanco-Amor: Biógrafo de Federico”, o cuarto capítulo, ábrese co primeiro dos *Sonetos a Federico* escritos por Eduardo. A sombra de Federico sempre estivo presente na súa vida despois do asasinato do seu amigo. Pérez Rodríguez documenta algúns dos artigos e conferencias dadas por Blanco-Amor e dos encontros que fixeron algúns intelectuais para honrar a memoria de tan ilustre poeta. Pódese dicir que foi o embaixador da obra de García Lorca.

O quinto capítulo titúlase “Baixo o pórtico dos *Seis Poemas Galegos*”, no que se pretende “pousar os *Seis Poemas Galegos* Baixo o pórtico dunha máis que posible interpretación amorosa” (p. 209), seguindo a tese de Blanco-Amor.

O capítulo seis, “Un día das letras galegas para Federico”, é a proposta do autor do volume para dedicar un día das Letras Galegas a Lorca, xa exposta na primeira edición desta obra.

O capítulo VII son “Os *Seis Poemas Galegos*: Facsímile dos textos da editorial Nós (con anotacións manuscritas de Blanco-Amor) e dos orixinais autógrafos e apógrafos dos poemas”. O volume vai acompañado de numerosas fotografías do poeta granadino, da súa terra e mesmo da súa familia. Atopamos tamén algunhas cartas manuscritas, libros dedicados con debuxos de Lorca e documentos de diversa índole, así como algunha aparición dos poemas na prensa;

exemplo disto sería o recorte de *El Pueblo Gallego* no que apareceu o poema “Madrigal a la Ciudad de Santiago” o 8 de decembro de 1932 (p. 260).

“Antoloxía de textos de Blanco-Amor sobre García Lorca e outros documentos gráficos” é como se titula o capítulo oitavo. Os textos están ordenados en catro apartados: “Federico García Lorca: vida e obra”, “Federico e os *Seis Poemas Galegos*”, “Cartas de Blanco-Amor a García Lorca” e “Outros documentos gráficos”. Encontramos aquí numerosos artigos escritos e publicados en diferentes periódicos e libros, poemas como “Exequias de Federico García Lorca” (p. 287) publicado en 1937. Toda esta documentación deixa ver o profundo aprecio de Blanco-Amor por García Lorca e a súa necesidade de escribir de cando en vez sobre o seu amigo para que a súa figura non se esquecera. As cartas persoais son presentadas en fotografía, manuscritas. No apartado “Outros documentos gráficos” recóllese a axenda de Blanco-Amor na que anota a súa estada en España (1933-35), como correspondente de *La Nación*, Bos Aires.

O noveno capítulo está dedicado á “Música para os *Seis Poemas Galegos*” e a Isidoro B. Maiztegui, compositor da música dos poemas galegos de Lorca, estreada o 12 de abril de 1996 coa presenza da soprano Marta de Castro. As partituras manuscritas están incluídas no final deste apartado.

“Federico e os *Seis Poemas Galegos* na voz de Blanco-Amor” é o último capítulo desta marabillosa obra. A nova edición ante a que nos atopamos leva un CD coa conferencia “Los poemas gallegos de Federico García Lorca” de Eduardo Blanco-Amor e outro cunha gravación do recital musical dado por Isidoro B. Maiztegui e Marta Castro.

Celebramos a publicación desta terceira edición do volume, unha presentación magnífica dos poemas galegos de Lorca, acompañada de pequenas xoias gráficas e musicais. É un labor filolóxico encomiable, un extraordinario

traballo que fai que o lector poida achegarse de maneira precisa á cultura galega a través da mirada de Lorca.

Alicia ROMERO LÓPEZ

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (ed.) (2013): *Aurelio Aguirre: Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, Alvarellos Editora, 459 pp.

Tras anos de silencio crítico, en el año 2009, Marina Mayoral, hoy catedrática jubilada de Literatura Española de la Universidad Complutense, entre otras cosas, firmaba el interesante artículo “Aurelio Aguirre, da admiración ao esquecemento”, publicado en *Galegos*, número 5 (I Trimestre). Aquella nueva aportación bibliográfica<sup>1</sup> podría interpretarse como un oportuno guiño crítico que alentaba a recuperar la figura del malogrado escritor compostelano Aurelio Aguirre Galarraga (1833-1858), postergado por muchos y rememorado por casi nadie.

Recientemente, Olivia Rodríguez González, profesora de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada de la Universidad de A Coruña, acometía la meritoria y ardua tarea de realizar la edición crítica de los textos literarios del poeta Aurelio Aguirre que se conocen hasta la fecha. En *Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858*, se recopilan valiosamente ciento treinta y tres poemas y un pequeño prólogo en prosa, en concreto, del cuaderno manuscrito *Poesías de DAA* (p. 334). Continuadora, en parte, del procedimiento crítico textual de Karl Lachmann (1793-1851), Olivia Rodríguez asienta la *recensio*, esto es, la localización y el acopio de fuentes, en cuatro apoyos documentales: en los cuadernos manuscritos *Poesías de DAA* y *Recuerdos de agosto*, así como en los impresos póstumos *Ensayos poéticos* (1858) y en *Poesías selectas* (1901), este último prologado por el tudense Leandro de Saralegui y Medina (1839-1910). Asimismo efectúa la *collatio* o el cotejo de testimonios literarios en el propio

<sup>1</sup> En 1994, M. Mayoral escribió el prólogo de la edición facsímil de *Poesías selectas* (1901), A Coruña: Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, Consorcio de Santiago.